


2023

Memoria de actividades da Igrexa en Galicia



2023

**Memoria de
actividades
da Igrexa
en Galicia**



ÍNDICE

1. Introducción	4
2. A Igrexa católica en Galicia	
a. Anunciar a fe	6
I. Actividade Pastoral	6
II. Educación católica	9
III. Misioneiros	13
IV. Patrimonio	15
b. Celebrar a fe	18
I. Sacramentos	18
II. Relixiosidade popular, santuarios, celebracións e festas relíxiosas	22
c. Vivir a fe	29
I. Actividade caritativa e asistencial	29
II. Compromiso coa protección de menores e persoas vulnerables	35
III. Presenza no ámbito da saúde	36
IV. Presenza no ámbito do mar	39
V. Presenza no ámbito penal	41
3. A economía diocesana	44
a. Recursos ano 2023	45
b. Gastos ano 2023	46



FOTO.- Presentación da Memoria de Actividades, no Hotel Oca-Porta do Camiño (2024)


1. INTRODUCIÓN

En Galicia somos cinco dióceses as que conformamos a provincia eclesiástica de Santiago, unha das catorce que estruturan a Igrexa en España. Debido á súa orixe histórica, o territorio de cada unha destas Igrexas locais vai máis aló da división provincial e autonómica, porque o noso nacemento e organización é previo á súa distribución político-civil.

Durante case dous milenios acompañamos a vida, o traballo e a fe das nosas xentes na re-

alidade de moitos pobos desde a proximidade das parroquias. Na actualidade somos, en moitos casos, a última presenza e acompañamiento social no ámbito rural.

Orgullosas do noso patrimonio e pasado, únennos elementos tan significativos como o Camiño de Santiago. Por iso construímos xuntas un itinerario común no que peregrinamos da man, procurando achegar á sociedade de Galicia eses valores das raíces de Europa que



Xoán Paulo II nos convidou a seguir semen-tando desde o Evanxeo.

Co obxectivo de impulsar este traballo conxunto e mostrar á sociedade galega o labor da Igrexa, no 2024, estas cinco dioceses iniciamos a elaboración dunha Memoria anual de Actividades da Igrexa en Galicia —que, en maio dese ano, foi presentada en Santiago de Compostela—. Agora, no 2025, continuamos desenvolvendo ese traballo para mostrar unha visión máis ampla do que somos e do que facemos.

Non estamos ante simples números¹. De-trás de cada cifra, escóndese o rostro de mi-lleiros de persoas —bispos, sacerdotes, membros de vida consagrada e segrares— que, día tras día, traballan para levar a cabo a misión da Igrexa: anunciar a Xesús e o Evan-xeo.

A todos e a todas, grazas por facelo posible.
Grazas por construír Igrexa en Galicia.

¹ Os datos presentados neste documento corresponden ao ano 2023 e foron achegados pola Conferencia Episcopal Española.




FOTO.- División territorial das dioceses que conforman a provincia eclesiástica de Santiago de Compostela

2. A IGREXA CATÓLICA EN GALICIA



FOTO.- Celebración da eucaristía nunha parroquia luguesa

A. ANUNCIAR A FE

I. Actividade Pastoral

As parroquias foron durante séculos un piar fundamental na vida das comunidades, non só como lugares de culto, senón como espazos de identidade, pertenza e solidariedade. A pesar dos cambios demográficos e culturais que enfrentamos hoxe, a esencia da experiencia parroquial segue sendo valiosa e relevante na nosa terra.

É certo que, aínda que as circunstancias cambiaron, a fe e a comunidade son o que realmente dan vida ás nosas parroquias. A idea de que a parroquia non se define só polo seu templo ou os seus límites xeográficos, senón por ser unha comunidade viva, é fundamental. A participación activa na vida parroquial, a celebración da Eucaristía e o acompañamento mutuo, son esenciais para manter esa conexión e fortalecer a nosa identidade cristiá.



Nº de parroquias en Galicia:

3.659

1.139 Lugo

430 Mondoñedo-Ferrol

736 Ourense

1.078 Santiago de Compostela

276 Tui-Vigo



Nº de parroquias urbanas e rurais:

1.004 Urbanas

2.654 Rurais

FOTO.- Celebración da eucaristía nunha parroquia ourensá



FOTO.- Segreres catequistas da diocese de Ourense

QUEN FORMA A IGREXA EN GALICIA?

1.145

Sacerdotes

1.465

Relixiosos e relixiosas

53

Seminaristas

325 en 34 mosteiro

Monxas e monxes
de clausura

214

Misioneiros

Laicos

Todos xuntos construímos comunidades parroquiais nas que é posible recibir a Palabra de Deus e os sacramentos, xunto co testemuño da vida en comuñón dos cristiáns.



FOTO.- Encontro dos bispos de Galicia con relixiosos e relixiosas

Todos terán preto o anuncio da Palabra de Deus, o don dos sete sacramentos —a Eucaristía dominical—, a posibilidade dunha educación na fe e o lugar dunha vida na comuñón da caridade.



FOTO.- Xornada do Clero de Galicia no santuario do Corpiño

As formas poden cambiar entre as cidades, as vilas e o mundo rural, por iso buscaremos que en todo o territorio galego exista presenza eclesial e sexa posible un acompañamento fraternal, con fe e caridade concretas; de modo que ningunha comunidade, por pequena que sexa, quede abandonada, e que ninguén quede só, particularmente en circunstancias difíciles ou momentos de necesidade, física ou espiritual.

Por iso toda a actividade pastoral está destinada a:

- Crear comunidades más fortes.
- Unir ás persoas.
- Ofrecer esperanza e futuro na fe.
- Garantir o dereito de todos os fieis de poder asistir ao sacramento da Eucaristía.
- Dispoñer de tempo para poder estar máis preto dos fieis que máis o necesitan.
- Que as celebracións sexan más participativas e coidadas.
- Poder traballar no desenvolvemento dunha pastoral adecuada á nosa situación



FOTO.- Traballo con nenos e nenas na diocese de Mondoñedo-Ferrol

II. Educación católica

A educación católica é a actividade que realiza a Igrexa para formar á persoa. Faino a través dun proceso educativo global desde a fe, que ofrece unha visión cristiá do ser humano e do mundo.

A fe debe educarse, senón tende a afastarse da existencia e acaba por desaparecer. Neste sentido, educan as familias, as parroquias, asociacións e movementos, etc.; e, por suposto, as escolas e institucións propiamente educativas da Igrexa.

Así, a educación católica exprésase nos colexios con titularidade e ideario cristian e na participación nas clases de relixión.



FOTO.- Curso de formación para profesores de relixión en Vigo

11

Colexios diocesanos

3.100

Alumnado en colexios diocesanos

+100

Colexios concertados de ideario católico

60.000

Alumnado en colexios concertados de ideario católico

Os colexios católicos desenvolven unha gran misión educativa que realizan baseándose nun proxecto educativo que pon, como centro e referente na formación da persoa, a vida iluminada pola fe. Así, fomentan o diálogo coa cultura e axudan a madurar na liberdade e na responsabilidade.

1.090

Profesores de relixión

312.359

Alumnos matriculados en relixión



FOTO.- Os colexios diocesanos de Lugo celebran a súa festa no día de Corpus



FOTO.- Colexio Mirabí-Xesuitinas en Vigo

O compromiso da Igrexa na educación supón tamén afrontar desde a propia identidade as grandes cuestións metodolóxicas e de contidos implicados nas actuais formulacións legais e os desafíos que atopan nenos e mozos na vida da sociedade: os problemas de xénero, a relación co planeta, a dignidade da persoa, o respecto á súa vida, a dignidade e a xustiza nas relacóns entre xentes, pobos e nacións, o diálogo, intercultural e interrelixioso, etc.

III. Misioneiros

A misión universal da Igrexa é anunciar a Boa Nova proclamada por Xesús en todo o mundo. Por iso, algúns sacerdotes, membros de vida consagrada e segrareis galegos sentiron o desexo de saír das nosas fronteiras para que ningún recuncho do mundo quede sen a esperanza de coñecer a Deus.



FOTO.- Misioneiro da diocese de Ourense

214

Nº de misioneiros galegos en activo

28

Lugo

12

Mondoñedo-Ferrol

69

Ourense

85

Santiago de Compostela

20

Tui-Vigo

Ao longo do ano, a Igrexa en Galicia súmase ás campañas promovidas por Obras Misionais Pontificias¹, para dar a coñecer e sensibilizar acerca do traballo que realizan os misioneiros en todo o mundo: Domund, Vocacións Nativas e Infancia Misioneira. Estas campañas son tamén unha canle para o sostemento das diversas necesidades dos territorios de misión. Durante o ano 2023, as dioceses galegas recadaron preto dun millón de euros:



FOTO.- Celebración da xornada da Infancia Misioneira nun colexo ourensán

759.193,72 €

Domund 2023

79.308,97 €

Vocacións Nativas

108.885,65 €

Infancia Misioneira

¹Obras Misionais Pontificias (OMP) é o principal instrumento da Igrexa católica para atender as grandes necesidades coas que se atopan os misioneiros no seu labor de evanxelización por todo o mundo. A Igrexa en Galicia colabora con OMP ao longo de todo o ano.

Países nos que hai misioneiros galegos:

19

países do continente americano: Venezuela, Arxentina, Bolivia, Brasil, Chile, Colombia, Ecuador, Guatemala, México, Perú, Porto Rico, República Dominicana, O Salvador, Cuba, Costa Rica, Honduras, Paraguai, Uruguai e Estados Unidos.

13

países do continente africano: Camerún, República Democrática do Congo, Etiopía, Mozambique, Marrocos, Madagascar, Chad, Senegal, Togo e Guinea Ecuatorial

6

países do continente asiático: Xapón, Filipinas, Indonesia, Israel, Tailandia, Australia.

5

países do continente europeo: Alemaña, Francia, Inglaterra, Italia, Portugal.



IV. Patrimonio



FOTO.- Rehabilitación do pavillón historicista do mosteiro de San Martiño Pinario (arquidiocese de Santiago)

A Igrexa católica xestiona un valioso patrimonio cultural, histórico e artístico que é un ben compartido por toda a sociedade que pode gozar da dimensión relixiosa, cultural e turística do que é de todos e que, entre todos, debemos coidar para legalo ás xeracións futuras como nos foi legado a nós polos nosos antepasados.

A obra artística complementa a beleza da Creación e, cando se inspira na fe, revela máis claramente aos homes o amor divino que está na súa orixe.

Número de bens inmobilés de interese cultural:

| **35** Lugo

| **12** Mondoñedo-Ferrol

| **32** Ourense

| **64** Santiago de Compostela

| **4** Tui-Vigo



FOTO.- Restauración das cubertas da igrexa parroquial de San Martiño de Loiro (diocese de Ourense)



FOTO.- Rehabilitación da torre norte da Concatedral de San Xulián (diocese de Mondoñedo-Ferrol)

Número de proxectos de construcción e rehabilitación de templos, casas reitorais, retablos...:

- ✓ **27** Lugo
- ✓ **25** Mondoñedo-Ferrol
- ✓ **14** Ourense
- ✓ **38** Santiago de Compostela
- ✓ **7** Tui-Vigo



FOTO.- Rehabilitación da Casa da Misericordia / Pazo de Velarde en Lugo

Cantidad de diñeiro investida:

1.848.354,45 €
Lugo

1.053.543,83 €
Mondoñedo-Ferrol

500.000 €
Ourense

11.139.000 €
Santiago de Compostela

1.689.140,37 €
Tui-Vigo



FOTO.- Segunda fase da restauración da capela do Cristo do Porriño (diocese de Tui-Vigo)

B. CELEBRAR A FE

I. Sacramentos

Os sacramentos son a base principal para o encontro con Cristo, que é el mesmo o sacramento orixinal. Este primeiro encontro prodúcese no momento no que pais e nais solicitan o Bautismo para os seus fillos. A partir de aí, a familia, en colaboración coa comunidade parroquial, comprométese a continuar cultivando a semente da fe.

Os catequistas das diferentes parroquias de Galicia son os encargados do proceso de formación cristia de nenos, adolescentes e mozos, que se preparan para recibir os outros dous sacramentos de iniciación cristia —Confirmación e Eucaristía—. É no ámbito da catequese onde se profunda no encontro con Deus a través da experiencia comunitaria.



FOTO.- Asemblea de catequistas da diocese de Tui-Vigo

Número de catequistas:

3.482
✓ Lugo
177
✓ Mondoñedo-Ferrol
326
✓ Ourense
992
✓ Santiago de Compostela
1.476
✓ Tui-Vigo
511

En definitiva, a Igrexa, a través dos sacramentos, axuda aos cristiáns a crecer e desenvolver a súa fe para que poidan dar resposta aos grandes interrogantes da vida. Neste sentido, resulta de vital importancia a cuestión vocacional. Cada home e muller aprenderá a discernir cal é o seu lugar no medio do mundo e da sociedade.

Número de bautizos:

8.119

- Lugo **687**
- Mondoñedo-Ferrol **586**
- Ourense **845**
- Santiago de Compostela **4.883**
- Tui-Vigo **1.118**



FOTO.- Bautizo dun adulto

Número de primeiras comuñóns:

9.574

- ✓ Lugo **703**
- ✓ Mondoñedo-Ferrol **682**
- ✓ Ourense **936**
- ✓ Santiago de Compostela **6.078**
- ✓ Tui-Vigo **1.175**



FOTO.- Bautizo dun neno



FOTO.- Nenos e nenas durante a súa primeira comuñón



FOTO.- Mozos e mozas de Confirmación da diocese de Tui-Vigo


4.761

Número de confirmacóns:

Lugo	Mondoñedo- Ferrol	Ourense	Santiago de Compostela	Tui-Vigo
366	286	498	3.112	449



FOTO.- Mozos e mozas de Confirmación da diocese de Ourense



1.317

Número de matrimonios:

Lugo

104

Mondoñedo-Ferrol

95

Ourense

157

Santiago de Compostela

748

Tui-Vigo

213

FOTO.- Parexa durante a celebración do matrimonio

II. Relixiosidade popular, santuarios, celebracións e festas relixiosas

A fe encarnada na cultura popular dá orixe a unha relixiosidade que vertebraliza ao pobo sinxelo e fiel. A través desa relixiosidade, o pobo evanxelízase continuamente a si mesmo. Así, xorden diversas expresións de fe que se manifestan en prácticas, rituais, e símbolos que se transmiten de xeración en xeración, mostrando como o pobo interpreta e vive a súa fe no seu contexto cultural.

A historia relixiosa en Galicia non se pode comprender sen o papel que xogaron, e xogan, os santuarios como espazos de referencia, tanto materiais como simbólicos: capelas, ermidas... lugares de culto aos santos ou á Virxe, que son meta de peregrinacións e orixe de romarías.

FOTO.- Santuario de Santo André de Teixido (diocese de Mondoñedo-Ferrol)



Número de
santuarios:



Mondoñedo-Ferrol



Santiago de Compostela



Tui-Vigo



FOTO.- Santuario da Nosa Señora dos Milagres (diocese de Ourense)





FOTO.- Romaría das Pascuillas no santuario da Nosa Señora da Franqueira (diocese de Tui-Vigo)


En Galicia contamos con innumerables festas patronais, peregrinacións e celebracións relixiosas que ofrecen un espazo para achegarse á divindade e expresar a fe de maneira persoal e comunitaria. Moitas delas de interese turístico, nacional e internacional, e outras declaradas como Bens de Interese Cultural.



FOTO.- Peregrinos no Camiño de Santiago

A peregrinación á tumba do apóstolo Santiago o Maior, en Compostela, é a expresión máis visible da relixiosidade popular. Polas dioceses galegas, transcorren quilómetros de camiño que se converte nun espazo de encontro e difusión da fe cristiá, xerando un rico patrimonio cultural e espiritual.

FOTO. - Peregrinos na catedral de Santiago



Peregrinos que
chegaron a Santiago:

+446.000



FOTO.- Romaría no santuario da Virxe do Corpiño (diocese de Lugo)



FOTO.- Procesión do Cristo da Vitoria en Vigo

No ámbito da relixiosidade popular, tampouco podemos esquecernos das confrarías, que desenvolven a súa misión no seo da Igrexa diocesana, celebran a fe, participan da misión evanxelizadora, forman aos seus confrades e realizan un importante labor caritativo. Elas son un motor de dinamización para a Semana Santa e para a vida ordinaria en moitas comunidades parroquiais.



FOTO.- Procesión de Semana Santa en Lugo

C. VIVIR A FE

I. Actividade caritativa e asistencial

O labor social e asistencial que realizan as dioceses galegas, as parroquias e outras institucións eclesiás que atenden aos máis desprotexidos, achegan cada día o verdadeiro rostro da Igrexa a moitas persoas da nosa sociedade que o descoñecen.

En Galicia existen actualmente máis de 500 centros asistenciais que sosteñen as distintas entidades da Igrexa: dioceses, parroquias, congregacións relixiosas, Cáritas, asociacións... Grazas a elas e aos miles de voluntarios que cada día entregan o seu tempo xenerosamente nos comedores sociais, casas de acollida , centros de menores, residencias de persoas maiores, ambulatorios, centros para a promoción da muller e vítimas de violencia, centros de atención a persoas migrantes, etc., atendérónse nas súas necesidades a máis de 135.000 persoas.

Atendéronse

+135.000

Casas para anciáns, enfermos crónicos ou persoas con discapacidade

- Centros: 87 – **7.746 beneficiarios/as**

Centros culturais, artísticos e educación para a paz

- Centros: 1 – **400 beneficiarios/as**

Centros sociais e asistenciais da Igrexa

- Centros: 589 – **135.506 beneficiarios/as**

Ambulatorios/Dispensarios

- Centros: 1 – **800 beneficiarios/as**

Centros de asesoría xurídica

- Centros: 1 – **1.244 beneficiarios/as**

Centros de atención a inmigrantes, refuxiados e prófugos

- Centros: 1 – **789 beneficiarios/as**



FOTO.- Xornada Mundial do Migrante na diocese de Tui-Vigo

Centros de menores e mozos e outros centros para a tutela da infancia

- Centros: 28 – **10.875 beneficiarios/as**

Centros de rehabilitación para drogodependientes

- Centros: 4 – **1.581 beneficiarios/as**

Centros para a defensa da vida e da familia

- Centros: 12 – **2.360 beneficiarios/as**



FOTO.- Encontro con migrantes na diocese de Mondoñedo-Ferrol



FOTO.- Cocina económica de Santiago de Compostela



FOTO.- Asociación «Ayuda a la Vida» (AYUVI) en Vigo

Centros de promoción da muller e víctimas de violencia

- Centros: 8 – **2.493 beneficiarios/as**

FOTO.- A mocidade da diocese de Tui-Vigo preparándose para unha saída solidaria polas rúas de Vigo



Garderías infantís

- Centros: 6 – **252 beneficiarios/as**

Centros para mitigar a pobreza

- Centros: 420 – **95.195 beneficiarios/as**

Centros para promover o traballo

- Centros: 20 – **11.771 beneficiarios/as**

5

Cáritas diocesanas

468

Cáritas parroquiais e interparroquiais

89.757

Pessoas participantes e acompañadas

4.508

Pessoas voluntarias

282

Pessoas contratadas

141

Presenza en concellos

571

Puntos de atención

18.152.134.18 euros

Recursos investidos



A acción de Cáritas busca construír un mundo mellor, renovar relacións, vincularnos entre nós, promovendo a dignidade das persoas, xerando comunidades que acollen e coidan, confiando nas persoas... A esperanza faise presente grazas ao traballo de tanto voluntariado e persoal contratado; á xenerosidade de tantos socios e doantes que comparten os seus bens; ao bo facer de empresas e entidades públicas e privadas que perciben a importancia de vivir unha economía con alma. A acción de Cáritas é o froito de moitas mans que se entrelazan para construír o proxecto do Reino que Xesús fixo xa presente.



FOTO.- Encontro do voluntariado de Cáritas de Galicia



FOTO.- Encontro do voluntariado de Cáritas de Galicia

Acción de Mans Unidas

191

Persoas voluntarias

575

Proxectos no mundo



A través de Mans Unidas descubrimos o verdadeiro poder de compartir, ese acto que nos une, fortalécenos e permítenos construír un mundo máis xusto e próspero para todos. Para Mans Unidas compartir non é só un xesto de xenerosidade, é a clave para combater a fame e a pobreza.



II. Compromiso coa protección de menores e persoas vulnerables

A Igrexa galega, fiel ao seu compromiso polo coidado das persoas, especialmente dos menores e persoas vulnerables, e buscando erradicar a secuela dos abusos no seo da Igrexa e da sociedade, quere estar preto das vítimas de abusos sexuais, recoñecelas, acompañalas e traballar, entre todos, por facer da nosa Igrexa un espazo seguro que axude á sociedade a defender e protexer a infancia. Para iso, desde as cinco oficinas diocesanas para a protección de menores e persoas vulnerables, organizáronse e impartíronse 20 sesións formativas de prevención nas que participaron menores, alumnos e profesores, pais e nais, monitores e catequistas e relixiosos e sacerdotes. Estas actividades desenvolvérónse dentro do protocolo de prevención e código ético de boas prácticas para protexer aos menores e ás persoas vulnerables.



FOTO.- Sacerdotes e axentes de pastoral reciben formación sobre compliance na diocese de Tui-Vigo



Oficinas diocesanas

5

Formacións impartidas

20

Horas de formación

45

Beneficiarios da formación

850

Casos atendidos

6

III. Presenza no ámbito da saúde

«Todos somos fráxiles e vulnerables; todos necesitamos esa atención compasiva, que sabe deterse, achegarse, curar e levantar. A situación dos enfermos é, por tanto, unha chamada que interrompe a indiferenza e frea o paso de quen avanza coma se non tivesen irmás e irmáns» — Papa Francisco, mensaxe para a XXXI Xornada Mundial do Enfermo

Na sociedade do descarte, que exclúe a todo aquel que non produce un beneficio económico ou social, capeláns, voluntarios e profesionais da saúde encarnan o rostro misericordioso de Cristo, acompañando ás persoas enfermas e ás

súas familias. A Igrexa, presente en 28 centros hospitalarios de Galicia, parroquias e residencias de maiores, convértese, así, nun «hospital de campaña», disposta a acariñar a vulnerabilidade, a dor e a fraxilidade humana.



FOTO.- Encontro de voluntarios de Pastoral da Saúde en Ourense

Datos xerais das cinco diócesis de Galicia:

Capeláns en hospitais: 47

**Parroquias con grupo de Pastoral
da Saúde: 83**

**Voluntarios e axentes de
Pastoral da Saúde: 599**

**Pessoas dedicadas á atención
hospitalaria: 824**

**Pessoas acompañadas ao mes
en domicilios: 1.060**

**Pessoas acompañadas ao mes
en hospitais: 4.050**

Comuñóns a enfermos: 10.163

**Participantes na
eucaristía: 17.515**

Sacramentos en hospitais: 8.065





FOTO.- Eucaristía na capela do Álvaro Cunqueiro en Vigo

IV. Presenza no ámbito do mar

Nas delegacións de Apostolado do Mar e os centros Stella Maris de atención á xente do mar, os traballadores do sector marítimo de todas as procedencias e confesións atopan a atención e axuda que necesitan durante as longas estancias lonxe dos seus fogares. Os voluntarios contribúen a paliar as situacións de illamento e soideza que produce o traballo do mar, tanto para os mariñeiros como para as súas familias.



FOTO.-Stella Maris Vigo entrega regalos de Nadal os mariñeiros

3

10

161

+ de 300

15

Delegacións de
Pastoral do Mar

Voluntarios de
Pastoral do Mar

Persoas
atendidas

Barcos
visitados

Actividades reali-
zadas ao longo do
ano (cursos de for-
mación, activida-
des socio-culturais
ou lúdicas, cam-
pañas de capta-
ción, eucaristías...)



FOTO.- No nadal, a delegación de Stella Maris da diocese de Tui-Vigo organiza un torneo de fútbol-sala para as xentes do mar



FOTO.- Eucaristía no Porto de Vigo con motivo da festa da virxe do Carme

V. Presenza no ámbito penal



FOTO.- Voluntarios de Pastoral Penitenciaria

Co obxectivo de xerar procesos que provoquen cambios de actitude nas persoas privadas de liberdade, a Igrexa promove programas de atención integral a homes e mulleres vinculados ao mundo penal. Capeláns e voluntarios levan a esperanza do Evanxeo e unha oportunidade de empezar de cero á poboación reclusa de Galicia.



FOTO.- Xornada de formación de axentes de Pastoral Penitenciaria

Datos:

7

Capeláns en
centros penais

87

Voluntarios en
centros penais

57


Entidades
colaboradoras

57

Programas
(área social,
xurídica e relixiosa)

423

Persoas que
participan en
celebracións en
capelanía



337

Paquetes de
roupa
entregados

252

Persoas
atendidas no
paquete
de roupa

3

Casas de
acollida para
persoas
privadas
de liberdade

180

Persoas
acollidas en
casas
diocesanas

70.100

Axudas
económicas

136

Persoas que
perciben axudas
económicas

3. A ECONOMÍA DIOCESANA

«Facer economía significa coidar da casa común, e isto non será posible se non temos ollos adestrados a ver o mundo a partir das periferias: a mirada dos excluídos, dos últimos» — Papa Francisco (2023)

A Igrexa, como calquera outra institución, necesita financiamento para poder levar a cabo todas as actividades anteriormente descritas. A continuación, ofrécense as contas agregadas do conxunto de dioceses galegas, no que se pode apreciar: a totalidade de fontes de financiamento diocesano (recursos); a importancia, a nivel medio, que ten a asignación tributaria, no conxunto da economía diocesana; e a aplicación dos recursos ás distintas necesidades e actividades (gastos).

Os datos que se ofrecen son a agregación das contas consolidadas das dioceses que inclúen a actividade das institucións diocesanas e do conxunto das parroquias.

a. RECURSOS ANO 2023

1. Achegas voluntarias dos fieis — 26.264.859,34 euros

Constituídas polos recursos recibidos dos fieis: colectas ordinarias, específicas, subscricións periódicas e outros ingresos sen contraprestacións.

2. Asignación tributaria — 21.606.581,18 euros

Correspondente ao diñeiro recibido por cada diocese da asignación tributaria más o pago da Seguridade Social e as percepcións de bispos residenciais.

3. Ingresos de patrimonio e outras actividades — 10.686.990,90 euros

Son ingresos correspondentes ao patrimonio inmobiliario, financeiro e actividades económicas diversas.

4. Outros ingresos correntes — 10.758.199,06 euros

Corresponden a ingresos de distinta natureza dos anteriores tales como ingresos por servizos diversos, subvencións, ingresos doutras institucións.

Total de recursos ordinarios — 69.316.630,48 euros

5. Ingresos extraordinarios — 4.303.413,18 euros

Inclúense as cantidades recibidas por alleamentos de patrimonio, subvencións de capital e outros ingresos extraordinarios.

Total recursos — 73.620.043,66 euros

B. GASTOS ANO 2023

1. Accións pastorais e asistenciais — 19.737.894,71 euros

Importe aplicado polas dióceses e parroquias de maneira directa á realización de actividades no ámbito pastoral ou asistencial.

2. Retribución do clero — 12.127.175,68 euros

Importe das retribucións aos clérigos polo desempeño do seu labor ministerial no ámbito diocesano e parroquial

3. Retribución do persoal segrar — 8.852.562,96 euros

Importe das retribucións aos traballadores segrares das dióceses.

4. Achechas aos centros de formación — 2.193.714,21 euros

Cantidades achegadas a centros de formación (seminarios, institutos superiores, colexios...) e outras iniciativas de formación.

5. Conservación edificios e gastos de funcionamento — 16.831.155,50 euros

Compras, subministracións, servizos exteriores, impostos, gastos financeiros e outros gastos ordinarios.

Total gasto ordinario — 59.742.803,06 euros

6. Gastos extraordinarios — 8.510.759,33 euros

Trátase daquelas partidas empregadas na construcción de novos templos, programas de rehabilitación e outros gastos de natureza extraordinaria.

7. Capacidad de financiamento — 5.366.481,27

Total gasto — 73.620.043,66 euros